



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 01-12-2018.

Na vila de Vimianzo, ás once horas minutos do día un de decembro de dous mil dezaoto, na sala de reunións do segundo andar da Casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D.^a Marta Rey Lema
D. José Antonio Vidal Mira
D.^a María Élda Pequeño Lorenzo
D.^a Estephanie Castro Oanes
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Mario Andújar Mouzo
D.^a Paula Mouzo Maceiras
D.^a Raquel Rodríguez Amigo

Non asisten:

D. José Trillo Lema
D. José Manuel Rodríguez Blanco

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García (secretaria do Concello de Xermade en réxime de acumulación de funcións en Vimianzo)

Interventora: D.^a Manuela Barcia Vázquez (interventora do Concello de Outes en réxime de acumulación de funcións en Vimianzo)

O alcalde explica que a sesión se celebra no segundo andar por mor das obras de acondicionamento do salón de plenos que se están levando a cabo.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación *ope legis* da acta da sesión ordinaria celebrada o 5 de outubro de 2018.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

A Sra. Rodríguez Amigo sinala que por erro se fixo constar na acta que ella abandonou a sala de sesións no punto cuarto da orde do día, sendo que esa incidencia se produciu na sesión celebrada o 27 de xullo, polo que procede eliminar esa frase.

Queda aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada o 5 de outubro de 2018, coa observación formulada pola concelleira do PP Sra. Rodríguez Amigo.

2. Aprobación inicial do Proxecto de orzamentos para o exercicio 2019 e acordos complementarios.



Dase conta da proposta da Alcaldía de data 23 de novembro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas reunida o 28 de novembro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Confeccionado o orzamento xeral para o exercicio 2019, con tódolos documentos e emitido o informe da intervención, de conformidade co artigo 22 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local e o artigo 168 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004.

A proposta desta Alcaldía de acordo para o Pleno é a seguinte:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento desta Entidade para o ano 2019 que ascende á contía de 5.776.502,28 € en ingresos, e á contía de 5.776.502,28 € en gastos correspondendo a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE INGRESOS:

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	1. OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	1.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	1.866.000,00
2	Impostos indirectos	85.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros	673.600,00
4	Transferencias correntes	2.722.988,60
5	Ingresos patrimoniais	152.989,88
	1.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
7	Transferencias de capital	263.923,80
	2. OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	12.000,00



9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	5.776.502,28

ESTADO DE GASTOS:

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	1. OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
	1.1. OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.871.876,83
2	Gastos correntes bens e servizos	2.928.469,82
3	Gastos financeiros	500,00
4	Transferencias correntes	462.600,00
5	Fondo de Continxencia e outros imprevistos	0,00
	1.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	501.055,63
	2. OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8	Activos financeiros	12.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	5.776.502,28

Segundo.- Declarar indispoñibles os créditos derivados do previsible incremento nun 2,25 % das retribucións dos empregados públicos municipais para o ano 2019 en tanto non entre en vigor a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para dito ano ou outra norma que o habilite, polas contías indicadas no informe de intervención ao presente orzamento. Se finalmente se aproba o incremento nunha porcentaxe inferior, a diferenza quedará como indispoñible.



Terceiro.- Aprobación das Bases de execución do orzamento nos termos en que se redactaron.

Cuarto.- Aprobación do cadro de persoal dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

Quinto.- Que se expoña ó público por prazo de 15 días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (R.D. Lex 2/2004 de 5 de marzo)

Sexto.- Que, no suposto de non presentarse reclamacións, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación , resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de edictos deste Concello, xuntamente co cadro de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/86 e 169.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e noutro caso procederase de acordo co previsto no 169.1 do mesmo.

Sétimo.- Que, de acordo co artigo 169.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais se remita copia do orzamento definitivamente aprobado a Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Oitavo.- Aprobar a masa salarial do persoal laboral ao servizo deste Concello para o ano 2019, que ascende a 374.211,94 €. Como consecuencia da aprobación, dar traslado do acordo adoptado no Pleno aos departamentos afectados e publicalo no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal, aos efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 103 bis da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

Vimianzo

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde agradece o traballo de secretaría e intervención, que permite traer os orzamentos a este pleno. Aclara que os orzamentos son unha previsión de ingresos e gastos, que de nada valen se non se executan durante o exercicio. O 2019 é ano electoral e no mes de xuño vai haber un novo goberno, que debe ter capacidade de adaptalos ás súas necesidades.

Sinala cales son os obxectivos deste orzamento, que constan na memoria:

- Capítulo 1: a política de persoal ven condicionada pola consolidación da RPT, que foi recorrida por sete traballadores e os xulgados déronlle a razón ao concello. Neste capítulo recóllese a previsión de incremento das retribucións dos empregados públicos, que para 2019 é de 2,25%. Tamén se prevé un plan de emprego para contratar a 4 albaneis e 2 operarios/as de servizos múltiples como funcionarios interinos.

- Capítulo 2: recollen todos os servizos que están licitados e tamén as subministracións. Destaca o SAF, que incrementou notablemente o número de horas, pasando das 6.000 horas anuais no 2015 a 18.000 horas agora. Este incremento tamén se nota nos ingresos, que foron de 40.000 euros no 2014 a 160.000 no 2017.

- Capítulo 6: os orzamentos non teñen en conta os plans de obras: POS+ 2019, que se aprobará en decembro, Fondo de Compensación Ambiental, Plan de camiños de Agader, etc. Neste exercicio imos en torno aos 800.000 euros de orzamento consolidado.

Na distribución de gastos destaca que non temos débeda bancaria, só os préstamos coa Deputación, primeiro co PAI e logo co POS. Sinala que probablemente se acabe condonando esa débeda. Os custes de persoal superan o 32% do total e en bens correntes e servizos superan o 50%. Xa dixo que os investimentos van ser maiores pero non poden incorporarse ata que Deputación os aprobe, previsiblemente en marzo ou abril. Incorporan dúas actuacións con fondos propios que veñen das baixas de licitacións: renovación do parque infantil e mellora da pista do Galo.

En canto á distribución por áreas de gasto, en xeral soben todas agás débeda pública. Na área 1 é onde máis aumenta (uns 260.000 euros), a 4 aumenta preto de 200.000 euros e a 2 aumenta 180.000 euros.

En canto aos ingresos, mellorouse a xestión da auga, que supón un lixeiro incremento en relación a anos anteriores. Tamén aumenta a aportación da Xunta para o SAF, prevese a transferencia de capital da Deputación para estas dúas obras que comentou e unha anualidade de Agader. Aumentou a previsión de ingresos polo ICIO



polas actuacións nos parques eólicos, pero aínda así orzamentouse con prudencia, sabendo que os ingresos finais van ser maiores que os previstos.

Nas bases de execución hai dúas novidades: están adaptadas ao novo regulamento de control interno, por un lado, e contéplase unha nova subvención nominativa para actividades de envellecemento activo a unha asociación de familiares de enfermos de alzheimer.

Aclara que este ano non se prevé fondo de continxencia no capítulo 5 porque o criterio da interventora foi prever o incremento do 2,25% no capítulo 1 e declaralo indispoñible en tanto non se aprobe polo goberno.

En conclusión, trátase duns orzamentos que apostan polo emprego, por mellorar as infraestruturas públicas e os servizos que se prestan á veciñanza. Dalle a palabra ao resto dos grupos políticos.

A concelleira do PSOE agradece o traballo da secretaria e da interventora pero bota de menos que os orzamentos sexan expostos polo concelleiro de Facenda. Vese que foron confeccionados ás présas porque se carece de persoal e son un "copia e pega" de anos anteriores. Ten que ver que o aforro en salarios polas vacantes que teñen é necesario gastalos. Os investimentos que se contemplan están financiados pola Xunta ou a Deputación. Fai fincapé nunha observación da Intervención sobre a regra de gasto, que aínda que non é de obrigado cumprimento na fase de aprobación do orzamento sí hai que tela en conta.

A concelleira do PP sinala que é imposible ver tanta documentación dende o mércores. Son os orzamentos do alcalde, que non conta nin siquiera cos seus concelleiros e moito menos coa oposición. Non consegue ver obras, agás as que se fan con cartos da Xunta ou Deputación. Non se ven tampouco melloras para os veciños. Hai 16.000 euros para camiños, dos que aporta 3.000 euros o concello porque o resto son de Agader, e as obras do parque e da pista de Trasariz. Esta obra causoulle moita satisfacción e así o dixo no peno de maio, e pola cantidade que invirte parece evidente que o parque está destrozado, tal como afirmou ela. A inversión non chega ao 3% do orzamento, xa que ao alcalde lle gustan tanto os números. Pregunta onde vai invertir os 105.000 euros que lle sobran, se pensou nas parroquias e en poñer un bus entre as parroquias e o casco urbano. Adica cartos a unha expropiación xunta o castelo, cando hai tantas cousas por facer no municipio. Nas 324 páxinas do orzamento non se ve unha aposta pola mellora das parroquias, e o alcalde deixa todo aos cartos que podan vir. Despois estarán facendo modificacións orzamentarias, pola falta de previsión.

A concelleira de IxV anuncia que vai ser escueta porque despois de ler estes orzamentos ten unha grande decepción. Vai rematar a lexislatura e as promesas electorais do goberno non se ven: piscina climatizada, etc. Non se atopa ningunha das inversións que Vimianzo merece. O parque está nun estado crítico e a pista do Galo espera que se execute mellor do que se proxectou. Pode compararse como está a primeira fase desa pista e a avenida das Pasantes, non ten nada que ver. Pide que faga unha reflexión e deixe obras consolidadas. Atopan unha partida de 100.000 euros para expropiar parcelas no entorno do castelo. Están dacordo en poñelo en valor, pero seguindo a vía do diálogo. Preocúpalle o que liu na memoria: o que se fai é privatizar servizos, hai negocios que levan 5 anos agardando unha licenza... pregunta como quere dinamizar a actividade económica no municipio. Non teñen oficina de urbanismo, tampouco secretaria nin interventora... pregunta como van atender as necesidades dos veciños. A única verdade que di o alcalde no documento é que a cidadanía paga a administración cos seus impostos. Igual traballo igual salario, seguindo o criterio do alcalde. Non se pagan salarios ao persoal pero págase a empresas. O alcalde di que quere que as empresas contraten co concello e non o cre nin el. O plan de emprego é necesario: máis tempo e máis xente. O que continúan botando de menos é a redución do IBI, xa que este ano temos máis ingresos. Presume do incremento de horas de SAF, pero a desgraza é que hai máis necesidade. Na partida 6-3 temos 55.000 euros menos para limpeza viaria. O alcalde sabe que ten unha débeda de 1.304.000 euros coa Deputación, é certo que non se pagan xuros pero o único que fixo foi cambiar de prestamista. Se ten un documento de condonación, pídelle que o mostre e ella retira o dito.

O alcalde lembra que é obriga da oposición criticar os orzamentos, pero optan por unha crítica destructiva sen preentar alternativas. Empeza respondendo ao PSOE: coincide en que é máis do mesmo, porque se reforzan as liñas que se veñen mantendo coa acción de goberno. O alcalde é quen propón os orzamentos, así se establece legalmente para todos os concellos. Pide que non se metan en asuntos que non aportan nada. Nega que se adiquen salarios a outras cousas e afirma que todos os postos da RPT están orzamentados. Outra cousa é que ao longo do exercicio ao non estar cubertos se empreguen eses créditos noutras cousas (como o caso da policía local, xa que dous axentes están en comisión de servizos noutros concellos). Agradece a labor dos funcionarios con habilitación nacional e xa lles gustaría telos permanentemente. Sabe que hai xente interesada e agarda poder



cubrir a secretaría no concurso de traslados que se resolve en marzo. Poderían optar polo que fixo o PSOE cando gobernaba, que non tiña habilitados senón a dous funcionarios propios que exercían esas funcións con carácter accidental. Os salarios dos habilitados eran inferiores aos dun auxiliar administrativo, por eso ninguén quería vir a Vimianzo. Repite que a Deputación non nos regala nada, ao contrario: quítanos cartos, máis dos que nos correspondería se non houbera deputacións. O que dixo foi que o concello non tiña débeda bancaria, sí a ten coa Deputación, como o resto dos concellos. Se ofrecen cartos a xuro cero, con período de carencia, é mellor dicirles que non e deixar de facer obras? Hai que saber quen está mentindo.

Respecto ao que dixo a concelleira do PP, sinala que os orzamentos están a disposición de todo o mundo dende o luns, outra cousa é que non queiran vir por eles.

A Sra. Rodríguez Amigo di que non, que a convocatoria foilles notificada o mércores.

O alcalde responde que se non os ten é problema do portavoz do grupo mixto, que ademais vai na súa candidatura. Se non se comunican é problema deles. Afirmo que as melloras para a cidadanía son a posta en marcha da separación de residuos, aínda que para a oposición é un atraso. Tampouco ven unha mellora no incremento da axuda a persoas dependentes. No ano 2015 a demanda era a mesma, pero agora mellorouse a xestión. Estabamos atendendo a dependentes cos recursos municipais e a Xunta non os atendía. Tampouco é importante o ensanchamento da pista do Galo, a oposición quere unha avenida e ter un Nadal permanente. O que fai o goberno chámase racionalidade no gasto. É evidente que goberno e oposición non teñen a mesma concepción da adaptación das obras a un entorno rústico. Dicir que o parque está destrozado é coma o conto de Pedro e o lobo. Que o parque precise renovarse non significa que estea destrozado. Afirmo que aumentaron os fondos para o mantemento de pistas. Eses 16.000 euros é un proxecto concreto que abarca dúas anualidades (2018 e 2019) e falta a última, pero non é o importe destinado a mantemento de pistas. Nese plan de emprego que a oposición considera insuficiente vai o persoal que vai facer tarefas de mantemento e en vez de contratar informáticos vense contratar albaneis.

O alcalde di que IxV parece Pedro, pero non Pedro Sánchez, senón o do conto do lobo, e pídelle que rebaixe o tono e faga outra crítica. No anexo de investimentos hai medio millón de euros. Non é a máis indicada para falar de obras de calidade, visto o estado da Casa de Cultura, que está reparando o concello con fondos propios. Di que no tema da posta en valor do castelo non se pode estar na misa e repicando. Acusan ao alcalde de non dialogar, pero hai un acordo cos veciños para actuar nesa zona. Todo o mundo sabe o que pasou con esa propietaria, incluída denuncia en vía penal contra o alcalde pola celebración do Asalto ao castelo este ano. É necesario expropiar esa finca, a lei dalles a razón prevendo esa causa como de utilidade pública e hoxe van aprobar a necesidade de ocupación. Por eso hai que prever no orzamento eses cartos, e se chegan a un acordo vaise aforrar tempo.

Acusa á oposición de confundir o touciño coa velocidade, e afirma que se contratando tres arquitectos para o servizo de urbanismo o concello é quen de crear vinte postos de traballo, entón farano mañá. Dille á concelleira que teña coidado cando di que hai negocios abertos hai cinco anos agardando por unha licenza. Como exemplo de sectores coas licenzas ao día, cita as naves do parque empresarial, o parque eólico Monte Tourado, as vivendas unifamiliares, as reformas e as licenzas de primeira ocupación. Claro que lles gustaría dar máis licenzas pero Augas de Galicia condiciona moito os tempos, pois tardou cinco meses o director en asinar unha autorización para unha obra do concello. Remata aclarando que vai orzamentada a cantidade para limpeza de núcleos, o importe que citou a concelleira é a maiores, polo que lle pide que critique con rigor.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por sete votos a favor de Adiante Vimianzo, catro abstencións e IxV e grupo mixto e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3. Modificación orzamentaria mediante transferencia de crédito núm. 2018/TC/07.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 23 de novembro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas reunida o 28 de novembro de 2018, que se transcribe literalmente:



“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

ASUNTO: TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚM 2018/TC/07

Visto o informe de intervención, sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, vista a Memoria da Alcaldía, así como o certificado de dispoñibilidade dos créditos a minorar, e de conformidade co establecido nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o 40.3 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, propoño ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2018/TC/07, na modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias de diferentes áreas de gasto, de acordo co seguinte detalle:

I. Aplicacións orzamentarias cuxo crédito se minora na área de gasto 9:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
920.12000	Administración xeral. Soldos do grupo A1	10.400,00 €
920.12004	Administración xeral. Soldos do grupo C2	5.000,00 €
920.12005	Administración xeral. Soldos do grupo E	4.000,00 €
920.12006	Administración xeral. Trienios	3.000,00 €
920.12100	Administración xeral. Complemento de destino	18.000,00 €
920.16000	Administración xeral. Seguridade Social	4.600,00 €
920.12101	Administración xeral. Complemento específico	18.000,00 €
931.12000	Política económica e fiscal. Soldos do grupo A1	18.600,00 €
931.12003	Política económica e fiscal. Soldos do grupo C1	6.800,00 €
931.12006	Política económica e fiscal. Trienios	8.000,00 €
931.12100	Política económica e fiscal. Complemento de destino	23.000,00 €
931.12101	Política económica e fiscal. Complemento específico	26.000,00 €
931.16000	Política económica e fiscal. Seguridade Social	4.600,00 €
TOTAL		150.000,00 €



II. Aplicacións orzamentarias cuxo crédito se incrementa nas áreas de gasto 1, 2 e 3:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
160.22799	Saneamento. Traballos realizados por outras empresas e profesionais	40.000,00 €
161.22199	Abastecemento domiciliario de auga. Outras subministracións	20.000,00 €
231.22799	Asistencia social primaria. Traballos realizados por outras empresas e profesionais	40.000,00 €
334.22799	Promoción cultural. Traballos realizados por outras empresas e profesionais	15.000,00 €
341.22799	Fomento do deporte. Traballos realizados por outras empresas e profesionais	35.000,00 €
TOTAL		150.000,00 €

SEGUNDO. Incrementar as contías inicialmente autorizadas para gastos en concepto de produtividade e gratificacións nos seguintes importes, contra a vinculación xurídica 9.1:

Produtividade: 7.408,14 €

Gratificacións: 15.856,70 €

TERCEIRO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Vimianzo, 23 de novembro de 2018

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos"

O alcalde explica que a ninguén se lle escapa a carencia de persoal que teñen nestes momentos, pois antes había catro persoas nos servizos económicos e agora teñen dúas e máis a interventora en réxime de acumulación. Agradece o traballo da persoa que está levando o peso do departamento agora e di que o que máis lle doe é non poder facer pagos a quince días como facían antes. Esta modificación faise para evitar ter que facer un recoñecemento en xaneiro.

A concelleira socialista di que o alcalde acaba de manifestar o sentir xeral e pídelo que cubra as vacantes.

A concelleira do PP declina intervir neste punto.

A concelleira de IxV di que non lle importa que trate de desprestixiar pero as cousas están así: non teñen persoal e así o ven de recoñecer o alcalde. Afirmo que a falta de cobertura das vacantes xera retrasos e o alcalde non pode dicir que non é posible cubrilas.



O alcalde nega que trate de desprestixiala, pois non foi el quen a chamou mentireira nin dixo que trata de enganar aos veciños. Sinala que esas prácticas de traer funcionarios para os postos de habilitados acabaronse, e a escaseza destes funcionarios non é un problema exclusivo de Vimianzo, senón que afecta a máis concellos. Xa se coñecen as limitacións á contratación de persoal e teñen tres funcionarios de baixa. Non hai ninguén máis interesado que o goberno municipal en cubrir estas vacantes. A situación do retraso nos pagos a provedores vaise resolver en canto se incorpore a interventora en xaneiro.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por sete votos a favor de Adiante Vimianzo, catro abstencións e IxV e grupo mixto e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

4. Elección de Xuíz de Paz titular e substituto.

O alcalde di que se vai empregar o sistema de votación segreda.

A concelleira do PSOE non está dacordo co sistema de votación e propón que se elixa por sorteo.

A concelleira do PP tamén se manifesta en desacordo co sistema de votación segreda. Descoñece o que dixo o concelleiro de Tega na comisión pero o alcalde dixo que quería chegar a un acordo, e se non hai criterios para a elección de candidato, para ella son todos igual de válidos para o posto.

A concelleira de IxV di que o seu compañeiro na comisión propuxo elixir ao candidato por sorteo, non votou a favor da votación en papeleta. Insiste en facer un sorteo.

O alcalde lembra que na comisión o grupo mixto propuxo a votación segreda, IxV o sorteo e o grupo de goberno adheriuse á proposta do grupo mixto. O sorteo parécelle un cachondeo. Falouse incluso de non escribir o nome na papeleta, senón marcalo cun x, e IxV abstívose. Sinala que vai someter a votación o ditame da comisión.

Sometido o ditame a votación, o Pleno da Corporación, por sete votos a favor de Adiante Vimianzo, catro votos en contra e ningunha abstención, acorda empregar o sistema de votación segreda mediante papeleta.

A secretaria explica como se realizará a votación: na papeleta están todos os candidatos, tanto para xuíz titular como para xuíz suplente, de forma que o que teñen que facer os concelleiros é marcar cun x á persoa elixida para un e outro posto. Acto seguido reparte as papeletas e os bolígrafos para que se realice a votación.

Rematada a votación, coa axuda da interventora faise o reconto por parte da secretaria, que vai lendo en voz alta os votos obtidos, que son os seguintes:

a) Xuíz/a de paz titular:

- Sonia Amigo Trillo: 5 votos
- Sonia Rodríguez Pazos: 2 votos

b) Xuíz/a de paz suplente:

- Cruz Touriñán Martínez: 5 votos
- Sonia Rodríguez Pazos: 1 voto
- María Belén Lema Lema: 1 voto

Resultando que ningún dos/as candidatos/as obtivo a maioría absoluta dos votos, esixida polo artigo 101.2 da Lei Orgánica 6/1985 do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

5. Acordo de necesidade de ocupación de dous inmobles colindantes ao castelo de Vimianzo.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 22 de novembro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 28 de novembro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA



ASUNTO: ACORDO NECESIDADE DE OCUPACIÓN DOS INMOBLES COLINDANTES AO CASTELO DE VIMIANZO- EXPTE. 2018/X999/000056.

Visto o documento denominado "estudos previos para a posta en valor do castelo de Vimianzo" elaborado polo arquitecto D. David Estany Garea en decembro de 2016, que no apartado 4 da memoria describe os tres obxectivos do documento:

- *Recopilar a información previa e ofrecer información suficiente para determinar o inicio da redacción dos documentos necesarios e posterior execución do restauro do Castelo de Vimianzo coa finalidade última de rehabilitar as edificacións do conxunto monumental, adecuar o seu contorno e establecer os usos sinalados na presente memoria, fundamentalmente un percorrido museístico e usos culturais complementarios ao percorrido de visita.*

- ***Delimitar o ámbito de intervención e avaliar as accións necesarias para a consecución dos terreos necesarios para realizar unha intervención de posta en valor completa e unitaria, tendo en conta tamén a viabilidade urbanística da actuación.***

- *Valorar economicamente os custes totais da inversión pública. Considerando os custes de obtención dos terreos, execución das obras de rehabilitación e urbanización previstas, mobiliario urbano e equipamento para dotar de contidos aos usos expositivos previstos, e mesmo os custes derivados da redacción da documentación e de proxectos de arqueoloxía e arquitectura.*

Entre os inmobles que se describen na memoria están as fincais catastrais 7533804MH9773S0001PW (vivenda) e 15093A062005200000QQ (parcela), ambas colindantes ao castelo, de imprescindible obtención a efectos de dotar de acceso ao foso do castelo.

Tendo en conta que a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia 5/2016 establece no seu artigo 51.3: *Así mesmo, serán causa xustificativa de interese social para os efectos da expropiación as melloras nos accesos aos bens de interese cultural, a dignificación do seu contorno e, en xeral, a mellora das condicións para a súa valorización e función social.*

En consecuencia, a previa declaración de interese social a efectos expropiatorios ven determinada pola propia lexislación en materia de patrimonio de Galicia, aos efectos do disposto no artigo 9 da Lei de Expropiación Forzosa.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría de data 18 de xullo de 2018, o Pleno da Corporación acordou, na sesión celebrada o 27 de xullo de 2018, estimar necesaria a obtención dos dos inmobles con N.R.C. 7533804MH9773S0001PW (vivenda) e 15093A062005200000QQ (parcela), ambas colindantes ao castelo, terreos necesarios para realizar unha intervención de posta en valor completa e unitaria do castelo de Vimianzo, e aprobou a relación concreta, individualizada e valorada dos bens a ocupar necesariamente.

Os anuncios de información pública foron publicados no BOP nº 51 do 09/08/2018, no xornal La Voz de Galicia o 31/08/2018, con notificación persoal ás persoas interesadas. Non puidéndose practicar a notificación a Ramona Dopico, publicouse anuncio no Taboleiro Edictal Único (BOE nº 216 do 06/09/2018).

Segundo informa o funcionario do Rexistro, non consta a presentación de alegacións.

En data 05/10/2018 (RE 6163) recíbese requirimento do expediente administrativo por parte do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 4 da Coruña, con motivo do P.O. 201/2018, contra o acordo plenario adoptado o 27 de xullo de 2018, sendo recorrente D^a. María Isabel Blanco Dopico. Tramitouse peza separada de medida cautelar, á que se opuxo a representación procesual do concello, que foi desestimada mediante auto de data 02/11/2018 (notificado en data 12/11/2018). A Sra. Blanco Dopico manifesta ser propietaria de ambos bens (que non figuran inscritos no Rexistro da Propiedade, constando no expediente nota simple negativa).

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría de data 18 de xullo de 2018, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar con carácter definitivo a relación concreta, individualizada e valorada dos bens e dereitos a ocupar necesariamente para a execución das obras, e que se expresan ao final deste Acordo, así como a designación nominal dos interesados cos que deben entenderse os sucesivos trámites.

SEGUNDO.- Considerar que co actuado queda demostrada a necesidade de ocupación dos bens e dereitos a que se refire este expediente, e, por tanto, acordar a necesidade de ocupación dos mesmos, considerando que este Acordo



inicia o expediente expropiatorio, entendéndose todas as actuacións posteriores referidas a esta data (1 de decembro de 2018).

TERCEIRO.- Proceder á publicación deste Acordo na forma en que se refire o artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa, abrindo información pública durante un prazo de quince días no *Boletín Oficial da Provincia* e nun dos diarios de maior circulación da Provincia, con notificación persoal aos interesados, convidándose aos mesmos para que propoñan un prezo que propicie a adquisición por mutuo acordo.

RELACIÓN DE BENS AFECTADOS

- INMOBLE 1 (VIVENDA)

Datos catastrais: 7533804MH9773S0001PW

Uso: residencial

Superficie construída (segundo catastro): 148 m2

Datos rexistras: non constan

Valoración: 70.562,00€

Localización: rúa Torre 2 15129 Vimianzo

Propietario/a: María Isabel Blanco Dopico

- INMOBLE 2 (PARCELA)

Datos catastrais: 15093A062005200000QQ

Uso: agrario

Superficie (segundo catastro): 1.095 m2

Datos rexistras: non constan

Valoración: 13.276,00€

Localización: polígono 62 parcela 520. Torre. Vimianzo

Propietario/a: María Isabel Blanco Dopico

Vimianzo, a 22 de novembro de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos

(documento asinado dixitalmente)

O alcalde explica que se presentou un contencioso por parte da propietaria das fincas e pediu a suspensión cautelar do acordo impugnado, que lle foi denegada, motivo polo cal se continúa coa tramitación do expediente. Se houbera algún tipo de irregularidade ou se conculcara algún dereito, sería estimada a medida cautelar.

A concelleira socialista xa dixo o que opina deste expediente e como o alcalde vai facer o que lle pete, que siga para adiante.

A Sra. Rodríguez Amigo di que lle parece increíble traer este acordo a pleno, algo que ningún concello demócrata e transparente faría. Non hai necesidade ningunha de ocupar estes bens, pois non se vai facer ningunha autopista nin hospital. Pregunta cando tempo se adicou a negociar con esta propietaria. Di que o alcalde xa fai unha boa promoción do castelo sen necesidade disto, as parroquias tanto lle teñen pero o castelo teno así implacable. Quere que o alcalde explique porque o denunciaron penalmente e afirma que esto crea un precedente moi negativo. Pide que non vaia contra a propiedade privada, que teríamos que volver corenta anos atrás.

A concelleira de IxV di que o proxecto é bo pero non debe facerse así. Hai que ver a carta que lle mandou o alcalde á propietaria, e primeiro expropia e agora facemos unha oferta. Non lle extraña que a propietaria vaia ao xulgado.

O alcalde responde que é certa a soidade de quen goberna. Todo é facer ver que o alcalde é comunista. Nega selo e pregunta que sabe IxV o que dialoga o alcalde se non falan con el. Dixo que era unha finca necesaria, pero a realidade é que a propietaria non deixa acceder por ela.

A concelleira do PP pregunta porque se chegou a esta situación.



O alcalde responde irónicamente: porque o alcalde é comunista. A Lei de Expropiación Forzosa marca o camiño a seguir. Cre que o prezo que se oferta é bo, e hai que ser coherentes e tratar de levar adiante os obxectivos marcados. Coller a finca polo morro sería inxusto pero pagar 80.000 euros non está nada mal, polo que procede votar.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por sete votos a favor de Adiante Vimianzo, catro abstencións e IxV e grupo mixto e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

6. Modificación nº 1 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vimianzo.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 27 de setembro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 2 de outubro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: aprobación inicial da Modificación n.º 1 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vimianzo.

En cumprimento do artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, este Concello aprobou definitivamente a Relación de Postos de Traballo na sesión celebrada o 28 de agosto de 2017.

Considerando o disposto no artigo 38.3 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, que dispón o seguinte: *“Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.”*

Con motivo da subrogación do persoal do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos na empresa adjudicataria do servizo o pasado mes de outubro, non procede consignar créditos no capítulo 1 do orzamento proxectado para o exercicio 2019, que se vai someter a aprobación inicial na sesión plenaria de carácter ordinario que se celebrará o vindeiro 30 de novembro.

Polo exposto, e con carácter complementario aos acordos relativos á aprobación inicial do orzamento, elévase ao Pleno, previo ditame da comisión informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Modificación n.º 1 da Relación de Postos de Traballo deste Concello, consistente na supresión de catro (4) postos de traballo na área de servizos, que se indican de seguido:

- Dous (2) postos de operario de limpeza RSU (códigos SXT-01 e SXT-02)
- Dous (2) postos de conductor servizo RSU (códigos LIML-01 e LIML-02)

Segundo.- Expor ao público a mencionada relación, durante o prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno.

A relación considerarase definitivamente aprobada si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Unha vez aprobada definitivamente, a Modificación n.º 1 da Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Vimianzo, a 23 de novembro de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos”



O alcalde explica que no hipotético caso de que o concello volvera a prestar o servizo con persoal propio e non a través dun contrato de servizos, os traballadores volverían a subrogarse.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por sete votos a favor de Adiante Vimianzo, catro abstencións e IxV e grupo mixto e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

7. Apoio á candidatura para a integración do Xeoparque Costa da Morte na Rede de Xeoparques Mundiais da Unesco.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 23 de novembro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 28 de novembro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: apoio á candidatura Xeoparque Costa da Morte para a súa integración na Rede de Xeoparques Mundiais da Unesco.

Visto o escrito presentado por D. José Manuel Pato González, presidente da Asociación para a Xestión do Xeoparque Costa da Morte, no que solicita da Alcaldía que leve a cabo as xestións oportunas que a Corporación do Concello de Vimianzo brinde, en Pleno, o seu apoio á candidatura para que o Xeoparque Costa da Morte sexa integrado na REDE DE XEOPARQUES MUNDIAIS DA UNESCO.

Considerando que se trata dunha iniciativa beneficiosa para o municipio, a comarca e toda a Costa da Morte, elévase ao Pleno, previo ditame da comisión informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar o apoio á candidatura para que o Xeoparque Costa da Morte sexa integrado na REDE DE XEOPARQUES MUNDIAIS DA UNESCO.

Segundo.- Designar ao alcalde, D. Manuel Antelo Pazos, como representante do Concello de Vimianzo na asamblea da Asociación para a Xestión do Xeoparque Costa da Morte

Terceiro.- Dar traslado dunha certificación do presente acordo á entidade solicitante.

Vimianzo, a 23 de novembro de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que se trata dunha proposta interesante que o Concello de Vimianzo debe apoiar.

A concelleira de IxV sinala que o 26 de novembro lle pasaron unha solicitude sen asinar e agora aparece outra asinada, o cal lle parece raro.

A secretaria sinala que a solicitude que consta no expediente ten rexistro n.º 6632 de data 25/10/2018 e está asinada. Probablemente lle pasaron a solicitude sen asinar que mandou por correo electrónico a asociación, non obstante comprobará os datos porque se hai rexistros de datas distintas foi un erro.

Non se producen máis intervencións por parte dos grupos municipais.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

B) Sección de control



8º. Comunicados oficiais.

A secretaria da conta dos seguintes anuncios publicados no BOP:

- BOP n.º 199 do 18/10/2018, aprobación inicial de modificación da ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas do Concello de Vimianzo;
- BOP n.º 199 do 18/10/2018, anuncio de aprobación inicial de expediente de modificación de crédito 2018/CE/03;
- BOP n.º 220 do 19/11/2018, anuncio de aprobación definitiva da modificación núm. 5 das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Vimianzo "Usos comerciais en ordenanzas de solo urbano".

Asemade, dase conta da orde de aprobación definitiva da Modificación Puntual n.º 5 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Vimianzo, publicada no DOG n.º 214 do 09/11/2018.

Dase conta tamén das seguintes sentenzas nos recursos presentados contra a aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vimianzo:

- Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo n.º 3 de A Coruña (P. A. 0000078/2018), que desestima o recurso presentado por Manuel V. Antelo Santos, que ten carácter de sentenza firme.
- Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo n.º 4 de A Coruña (P.A. 0000078/2018), que desestima o recurso presentado por José Luis Caamaño Domínguez.
- Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo n.º 4 de A Coruña (P.A. 0000079/2018), que desestima o recurso presentado por Sandra M.ª Abeijón Romero.
- Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo n.º 3 de A Coruña (P. A. 0000078/2018), que desestima o recurso presentado por José Domingo Rodríguez Ferreira.

Tamén se da conta da sentenza ditada polo TSXG nos autos do recurso de apelación presentado polas traballadoras do SAF contra a sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo n.º 3 de A Coruña (P. A. 0000284/2016), pola que se confirma a sentenza que desestima o recurso presentado.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

9º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia, isto é, dende resolución núm. 1132/2018 do 03/10/2018 á núm. 1414/2018 do 28/11/2018.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

10º. Dación de conta de informes económico-financeiros.

A secretaria da conta do xustificante de envío da conta xeral do exercicio 2017 á plataforma rendición de contas o 10/10/2018, con rexistro n.º TELE/2018/1726.

Tamén se da conta dos seguintes envíos a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais:

- Período medio de pago e informe de morosidade do 3º trimestre de 2018



- Custe efectivo dos servizos do exercici 2017
 - Execución trimestral do 3º trimestre de 2018
- O Pleno da Corporación queda enterado.

11º. Mocións.

O alcalde pregunta se hai mocións.

Non hai mocións.

12º. Rogos e preguntas.

O alcalde abre o turno de rogos e preguntas, anunciando que vai contestar ás preguntas na vindeira sesión porque ten que estar en Muxía ás 13:30 horas.

12.1. PSEO

A concelleira Paula Mouzo plantexa os seguintes rogos:

- 1º. Que se reserve praza das escolas culturais dun ano para outro.
- 2º. Que se contemplen sendas peonís da Igrexa de Calo ao Sixto, en Baíñas na pista que vai de atrás do tanatorio á estrada de Baio.
- 3º. Colocaron colectores amarelos e fixeron unha campaña porta a porta pero non lle parece correcto que se baleiren cada quince días. Pide que se faga unha base de formigón nalgún sitio para que non se movan.

Formula as preguntas:

- 1ª. Como están os trámites do arranxo de deficiencias da obra estrada Baíñas límite con Dumbría?
- 2ª. Como está o expediente dos montes Milleira de Gorreis?
- 3ª. Para cando o punto de recollida de plásticos agrícolas?
- 4ª. Pensa acometer a limpeza dos ríos que atravesan lugares habitados? Vaise solicitar a Augas unha obra hidráulica no río de Santa Comba de Baíñas?
- 5ª. Pensa aproveitar algunha subvención para mellorar a iluminación da casa de cultura? Di que a calefacción se está posta non se nota.

12.2. PP

A concelleira Raquel Rodríguez roga que os actos da Corporación se fagan en días non laborais para que todos podan acudir. Pregunta se fixo o venres 23 a concentración contra a violencia de xénero.

Acto seguido formula as preguntas:

- 1ª. Ten previsto facer obras de saneamento nos núcleos? Non é normal que se inunden cando leva unha hora chovendo, como pasou no casco urbano. Non vai entrar na polémica da limpeza dos ríos, pero os que pasan por tramo urbano son competencia municipal e os paseos fluviais tamén. Critica que en Santa Comba de Baíñas se agravou a situación desde que se fixo a obra.
- 2ª. Hai persoas pendentes de atención no SAF? Estanse dando o 100% das horas que concede a Xunta?

12.3. IxV



A concelleira de IxV comeza cos rogos:

- 1º. Roga que se resolva a falta de marquesinas en Vilaseco, que foron retiradas pola AXI e non saben se van ser repostas.
 - 2º. Están cunha enquisa para ver se hai demanda do servizo de madrugadores, pide que se traballe niso.
 - 3º. Non sabe se o goberno pode facer algo para que os veciños de Cereixo e Carnés teñan por fin os títulos da concentración parcelaria.
- Quere que o alcalde responda aos rogos e preguntas que plantexa e non ten ningún problema en vir falar con el.

A continuación formula as preguntas:

- 1ª. Que pasa co camiño de Reboredo?
- 2ª. Que se está facendo no campo de fútbol detrás do ximnasio?
- 3ª. Viven nunha penumbra en moitas zonas do municipio, especialmente no paso de peóns xunta o supermercado Día. O día do accidente había dúas luminarias fundidas, que xa se repuxeron. Hai que pedirlle á Xunta que tome medidas.
- 4ª. Onde está Sampedro é certo que o río de Vilar inundouse sempre, pero as tapas de rexistro botaban auga para arriba cando non levaba unha hora chovendo, polo tanto hai que ver que pasa.
- 5ª. Teñen previsto mellorar a biblioteca municipal con adquisicións bibliográficas?
- 6ª. Os veciños de Cereixo queixáronse de que non se repuxeron aínda dúas luminarias que se retiraron o 25 de xullo para unha actuación nas festas.
- 7ª. Vanse acometer traballos para repoñer as desfeitas causadas polo temporal?
- 8ª. Os veciños de Piñeiros din que as obras do parque eólico están dañando a estrada e pregunta se o goberno prevé algunha obra.
- 9ª. Hai dous decretos de pago de custas de dous contenciosos con Agader e Inega, a que corresponden?
- 10ª. Por que tanto retraso na licitación do parque infantil? A autorización de Augas é do 5 de xuño e a obra licitouse en outubro.
- 11ª. A que se deben os retrasos no pago das nóminas das traballadoras do SAF?
- 12ª. A adxudicataria do SAF (Idade de Ouro) cando licitou ofreceu unhas melloras (camas articuladas, grúas, etc.) e unha familia o 26 de setembro pediu unha grúa e un mes despois estaba sen colocar e o usuario faleceu. Que pasa con esas melloras?
- 13ª. Fixo algunha solicitude para que a Xunta asigne a Vimianzo un deses oito GES que van saír?
- 14ª. Por que non facilita a información da cal ten obriga? Os decretos de pago de facturas non inclúen a listaxe completa e o artigo 15.1.b) do ROF é moi clariño. Ten a obriga de facilitarlle esa listaxe dos expedientes 15, 16 e 17 deste ano.
- 15ª. Pregunta que pasou coa licitación do baile social para que teña que ir o alcalde xustificar ao local do adxudicatario, filtrando esa información, que se retrase un día e teña un agasallo cos nosos maiores.
- 16ª. Pode seguir desprestixiándoa pero non chamala mentireira, porque a casa de cultura está nese estado porque non se mantén. A súa empresa fixo o que estaba no proxecto e lle mandou a dirección de obra. E fan estas obras de reparación en pleno inverno... Cando fala de que a praza de secretaría se podía cubrir cunha comisión de servizos, é eso mentira? A situación laboral das funcionarias que están hoxe aquí é lamentable. Agradece á secretaria que lles remitira a acta do pleno ás 00:20 horas o día da convocatoria, cando ten unha familia... O retraso no pago do SAF, as nóminas de novembro cobráronse o día 6 de decembro... esto é boa xestión ou unha obsesión? Considera que lle di as cousas dunha forma construtiva, mire como están as obras, e agora que está elaborando os proxectos do POS 2019 reflexione.

O alcalde di que as preguntas serán respostadas na vindeira sesión ordinaria, e non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:21 horas levanta a sesión, e eu redacto esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 01-12-2018.

O alcalde

A secretaria de Xermade en réxime de acumulación de funcións en Vimianzo